

Unha das tradicións máis arraigadas no concello de Ferrol é a rolda ás mulleres de Ferrol na noite anterior ao *Día das Pepitas*. Participan neste evento dende a súa orixe as agrupacións ferrolás (*Añoranzas, Club de Campo, Bohemios e Sonidos del Alba*), e dende hai anos colaboran tamén na súa preparación formando parte do comité organizador.

Co obxectivo de lle darmos unha maior repercusión a esta celebración, adóitase convidar a participar as agrupacións ou roldas da comarca que, en todo caso, deberán axustarse aos criterios establecidos nas seguintes bases:

Bases de participación na Festa das Pepitas 2016

- 1.- Os /as compoñentes das agrupacións non poderán ter un número inferior a vinte e cinco.
 - 2.- Os seus compoñentes deberán vestir o traxe tradicional para esta festa (capa, camisa, lazo ou semellante, bufanda e cintas ou escarapelas na capa)
 - 3.- A música das *Pepitas* ten un timbre característico que é o resultado que lle dá o conxunto dos instrumentos de corda que acompañan ás voces dos (roldadores / roldadoras), guitarras, laúdes, mandolinas e bandurras. Co fin de que este timbre característico siga perdurando, as roldas participantes terán necesariamente que estar configuradas con estes instrumentos, aínda que poderían complementarse con outros de apoio, como violíns, frautas, acordeóns, etc.
 - 4.- As roldas interpretarán obrigatoriamente un pasacalles, un valse e una danza, que poderán ser obras inéditas ou ben temas recuperados do antigo “Cancioneiro das *Pepitas*”.
Nas partituras indicaranse os nomes dos autores da música e da letra así como a data destas.
En caso de ser recuperados só os textos para poñerlle unha nova música, non poderá ser modificado o título primitivo da súa composición nin a data, pero si se poderá engadir a nova data e o nome do novo autor da música.
- As agrupacións que non cumpran con este punto na súa totalidade serán devoltas e daráselles un prazo non superior a **5 días naturais** para rectificalas. En caso de que non realizasen no prazo indicado a rectificación, non poderán participar na *Festa das Pepitas* ese ano.
- 5.- As roldas participantes comprométense a entregar no Departamento de Festas (no momento da inscrición) as partituras dos temas que vaian interpretar co obxecto de ser supervisadas polo persoal cualificado, que verificarán se cumpren cos requisitos antes indicados.
 - 6.- O prazo de inscrición comeza o 19 de xaneiro e rematará o día 29 de xaneiro de 2016.
 - 7.- As roldas participantes comprométense a acatar as normas que estableza o comité organizador, o que estará formado por:
Presidenta: concelleira delegada de Festas
Vogais:
 - *Agrupación Artística Ferrolana Añoranzas*
 - *Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol*
 - *Agrupación Artística Ferrolana Bohemios*
 - *Asociación Cultural Rondalla Sonidos del Alba*
 - 8.- Coa finalidade de que a festa musical do *Día das Pepitas* gañe en calidade cada ano o Comité organizador terá a posibilidade de negar a participación dalgunha das agrupacións que, segundo o seu criterio, non achegue o nivel musical axeitado.

9.- Establécese unha homenaxe as persoas das entidades do Concello de Ferrol, con vinte e cinco anos ou máis de dedicación á *Festa das Pepitas*. Para tales efectos, o Comité organizador nomeará cada ano, despois de examinadas as propostas das agrupacións, as persoas homenaxeadas que, en ningún caso, superará o número de tres.

Como se trata de premiar os anos de dedicación á festa musical ferrolá por excelencia, podería darse o caso de que os homenaxeados pertencen todos á mesma entidade.

10.- As agrupacións convidadas percibirán 1.000.- € e as agrupacións locais (que son as que forman parte do comité organizador) 2.000.-€ polas súas actuacións na noite anterior ao Día das Pepitas.

Ferrol,
A concelleira delegada de Festas

Beatriz Sestayo Doce